

RELATORIO SOBRE ACTUACIÓN POLICIAL OS DIAS 24-25 XULLO DE 2013 EN COMPOSTELA

EsCULcA (Observatório para a Defensa dos Direitos e Liberdades) ven constatando con preocupación as restricións que na Galiza está a padecer o exercicio do dereito de reunión e manifestación consagrado no artigo 21 da Constitución de 1978. Son varias as Resolucións Administrativas da autoridade gobernativa que nos últimos anos deron unha interpretación estrita deste dereito de configuración constitucional e dos mínimos requisitos que para o seu exercicio impón a LEI ORGÁNICA 9/1983. Así, ditáronse acordos prohibindo concentracións por estas teren sido comunicadas fóra de prazo, mesmo no caso en que a causa de urxencia da convocatoria era patente.

Son numerosos tamén os expedientes sancionadores incoados nos últimos anos ao amparo da lei de seguranza cidadá a participantes en concentracións e manifestacións.

É neste contexto como EsCULcA en exercicio das suas finalidades estatutarias, decide emprender un traballo de observación en determinados actos, manifestacións ou reunións celebrados ao longo do país, para comprobar se se observa o escrupuloso respecto ao dereito constitucional que plasma unha das formas de participación directa da cidadanía no exercicio da acción política. Neste mesmo contexto, e co propósito de documentar as irregularidades que eventualmente viñeren a producirse para poder dar conta delas, EsCULcA decide elaborar en cada caso un relatorio que recolla todas as incidencias observadas directamente e incorporar en apéndice aquelas outras, anteriores ou posteriores ao desenvolvemento do acto en si, de que tiver constancia. Estes relatorios son enviados posteriormente aos portavoces dos tres grupos do Parlamento Galego, ao Valedor do Pobo, á oficina do *Defensor del Pueblo* así



como a organismos e observatorios europeos, deputados galegos no Congreso e no Parlamento Europeo e medios de comunicación social.

O presente relatorio ten por obxecto relatar o resultado do traballo das equipas de observación de Esculca nos numerosos actos convocados para os días 24-25 xullo de 2013 , con motivo da celebración do Día da Patria Galega.

EsCULcA comunicou, como é habitual , a presenza en actos de ambos os días. Mais a suspensión dos convocados para o día 25 de xullo, por mor dun grave accidente ferroviario acontecido en Compostela na noite do día 24 de xullo, fai que este relatorio se limite os actos convocados para tarde-noite do día 24 de xullo.

CADEA HUMANA

ORGANIZACIÓN CONVOCANTE: Ceivar.

24 De xullo - 18.00 horas. Praza de Galicia

Convocada para as 18.00 horas na Praza DE Galicia por CEIVAR, a marcha iníciase aproximadamente às 18.20 horas , cando as persoas asistentes rodean a praza tomadas polas maos . No lugar, no momento de inicio da concentración obsérvase a presenza de quince integrantes da policía nacional, das UIPs. Todos eles portan chaleque anti-impactos . Ningún deles cumpre a Instrución 13/2007 da DIRECCIÓN XERAL DE SEGURANZA, referente a identificación das Forzas Policiais. Os axentes non levan visibel o seu número de TARXETA DE IDENTIFICACIÓN PROFESIONAL (T.I.P.) como esixe a normativa regulamentar. Non debemos esquecer a Recomendación feita pola Defensoría del Pueblo para facilitar a eficacia das medidas que prevé a INSTRUCIÓN 13/2007 : aumento das dimensións das placas e obrigación de as portar nas diferentes prendas de uniformidade.



É coñecido que no entanto, a pesar destas recomendacións e a normativa estar en vigor, a Dirección Política da Policía optou por un sistema de identificación novo : os axentes portaban no seu chaleque, na parte posterior, una clave alfanumérica composta por unha primeira parte común (8U) e posteriormente tres dixitos.

A identificación semella corresponder a un sistema en que o distintivo facilitado a cada policía se desliga da TIP para se pór en relación co vehículo que ocupan e un identificativo para cada operativo en que participan . O sistema parece estar recollido nunha Resolución da DIRECCIÓN XERAL DE POLICIA de xuño deste ano , mais o noso Observatorio non puido acceder a ela por non ter sido publicada no Boletíns oficiais.

Xa no mes de abril do presente ano, ao se coñecer o proxecto de identificación dos UIPs , foron numerosas as críticas, acollidas polo noso Observatorio, que recibiu esta medida. Destacouse que este número , paradoxalmente, non correspondía ao número da placa de identificación persoal (a chamada T.I.P.). Destacouse igualmente que carecía de explicación obxectiva que o ministerio acudise a sistemas de identificación diferentes dos previstos xenericamente para os funcionarios policiais, regulamentarmente a placa de identificación policial. Este número (T.I.P.) permitiría a identificación sen dúbida algunha do funcionario policial e non suporía risco ningún para a súa intimidade. Sinalábase así mesmo que a identificación mediante un número diferente da “placa” policial non ofrece garantía algunha de unha identificación fidedigna. Para comezar, impede aos observatorios que documentan excesos policiais faceren un histórico das agresións que execute un mesmo policía dado que, unha vez que se consiga a súa identificación por ese número “ad hoc”, se procederá a asignar a ese axente un novo código alfanumérico identificativo para o próximo operativo, no que poderá incorrer en malos tratos e excesos baixo un número diferente. Tamén se apuntaba que



obviar a identificación por medio da TIP obriga a confiar nun ulterior proceso de concreción do funcionario policial que tivese incorrido en ilícito, nun procedemento interno e opaco que estaría a cargo das propias unidades policiais que non impediron e mesmo ampararon tal feito, o que non acontecería de se vincular a identificación ao número persoal (a TIP). E por último, alén dos inconvenientes antes sinalados, a instrución impartida pode infrinxir tamén o principio de xerarquía normativa por contrariar os artigos 17 a 21 do REAL DECRETO 1484/1987 sobre distintivos e uniformidade da policía nacional.

Estas análises teóricas víronse confirmadas pola práctica o día 24 de xullo, dado que ao fin da concentración , os observadores e observadoras de EsCuLcA constataron que os axentes subían a furgonetas que non se correspondían co seu distintivo, o que podería introducir contradicións no proceso de identificación.

De novo insiste o noso Observatorio no que xa fora apuntado: carece de sentido práctico e de coherencia xurídica desvincular o sistema de identificación dos UIPs do xeral realizado con base a T.I.P.

Manifestación

A manifestación congrega unhas duascenas persoas. Ao longo da marcha, que decorre polo itinerario previsto, obsérvase presenza de axentes da UIP, nomeadamente na intersección da Rúa da Conga coa Rúa Preguntoiro , onde hai catorce axentes provistos de escudos , medida absolutamente falta de proporcionalidade dado o pacífico decorrer da manifestación .

Ás 19:00 chega á Praza do Matadoiro onde se proceda á lectura de manifestos. Non se observa incidencia algunha . Ás 19:40 a última dotación policial abandona as inmediacións da Praza.



MANIFESTACIÓN NACIONAL ORGANIZACIÓNS XUVENÍS

ORGANIZACIÓNS CONVOCANTES: Adiante, Agir, AMI, Briga, Comités, Galiza Nova, Isca! e Liga Estudiantil Galega.-

24 de xullo. 20:00 horas - Alameda

Convocada para o seu inicio ás 20:00 horas, a manifestación parte da Alameda ao redor das 20:20 coa presenza de aproximadamente cincocentas persoas. A marcha transcorre escoltada por numerosos números das UIP da POLICIA NACIONAL. No momento da partida, sete axentes situáanse diante do cortexo e a medida que este avanza o número de axentes vai en aumento. Cando se chega à zona histórica da cidade o seu número é xa notabelmente superior e os axentes forman un dobre cordón a ambos os laterais.

Obsérvase tamén que nalgúñas zonas os axentes portan escudos. Isto acontece na intersección da rúa Perguntoiro coa Rúa que leva ao Mosteiro de San Paio e, uns trinta metros mais adiante, en dirección á rúa da Calderería, onde se sitúan 8 axentes con escudos.

Esta actuación policial, que nada xustifica dada a absoluta falta de incidentes e resulta particularmente chamativa na altura da rúa da Calderería, parece ter como único obxectivo afastar ou desviar transeúntes e crear alarmar social.

A manifestación conta cun servizo de orde con identificativos. Remata na Praza do Toural perto das 20.55 horas .

E de destacar que uns vinte axentes anti-disturbios que toman posición nun lateral da Praza do Toural impiden a saída e a entrada polo acceso que se comunica coa Rúa do Vilar . Este control policial non se axusta a principio de necesidade na súa actuación dado que non hai causa de orde pública que



impida o tránsito do Toural a Rúa Vilar , chegando a irracionalidade da actuación policial a facer que as persoas que pretenden acceder á praza por esa vía se vexan obrigadas a dar a volta e entrar por outro acceso.

Ao rematar a manifestación , o cordón policial insta o servizo de orde da manifestación a limitar o dereito de libre tránsito dos viadantes e participantes na marcha impedindo que utilicen o acceso do Toural á Rúa Vilar.

A xuízo do noso Observatorio , o control policial formado entre a Praza do Toural e a Rúa Vilar carece de xustificación conforme aos art.19 da lei orgánica 1/92 de 26 de novembro da seguridade cidadá , supondo , por tanto, unha limitación arbitraria de dereitos fundamentais.

Os axentes policiais observan o sistema de identificación xa referenciado.

O acto remata as 21.35 sen incidente algún .

CONCLUSIÓNS

a.- EsCULCA mostra a súa disconformidade co sistema de identificación das UIPs actuantes polos motivos xa expostos. O noso Observatorio solicitará do ministerio información cumprida e notificación da Resolución reguladora deste sistema aos efectos da súa posíbel impugnación.

b.-EsCULCA estima que o cordón policial instalado na Praza do Toural no seu acceso a Rúa do Vilar descrito neste relatorio non se axusta ao principio de necesidade e infrinxe o artigo 19 da LEO 1/92 de 26 de novembro, determinando unha limitación arbitraria do dereito de libre tránsito.

Galiza - Setembro 2013



